

# Mercado do Emprendemento

Un trampolín para o talento local e a innovación na cociña



## Mercado do Emprendemento

O "Mercado do Emprendemento" é unha iniciativa do Concello de Pontevedra dentro do Plan de Sustentabilidade Turística financiado pola Unión Europea - Next Generation (PSTD); e que ten como obxectivo impulsar o emprendemento nos sectores da hostalería e a restauración en Pontevedra, ofrecendo a novos proxectos a posibilidade de poñer a proba o seu modelo de negocio nunha contorna real. Para iso, habilitaranse 2-3 postos dentro do Mercado de Abastos que serán cedidos temporalmente a proxectos gastronómicos emerxentes, durante un período dun mes cada un. Desta forma, os emprendedores poderán testear as súas receitas, servizo e capacidade de atracción comercial en condicións reais de mercado.

A actividade realizarase ata o mes de abril, cunha previsión de acoller polo menos quince proxectos. Cada un deles recibirá unha tutorización personalizada, e guiarase ao equipo emprendedor durante todo o proceso.

En xeral, representa unha oportunidade de crecemento para o ecosistema gastronómico local. Dá a posibilidade de validar ideas nunha contorna viva e co apoio institucional e profesional garante unha experiencia de alto valor para emprendedores e para a cidade de Pontevedra, que fortalece así o seu compromiso coa innovación e o desenvolvemento económico sostible.

## Obxectivos da actividade

- Fomentar o emprendemento local no sector gastronómico.
- Brindar unha plataforma real para a validación de modelos de negocio.
- Potenciar a innovación, sustentabilidade e impacto social en novos proxectos.
- Revitalizar e dinamizar o Mercado de Abastos de Pontevedra.
- Promover sinerxias entre emprendedores, institucións e comunidade local.

## Público obxectivo

O Mercado do Emprendemento está dirixido a emprendedores individuais, pequenas empresas e proxectos en fase inicial ou de diversificación que operen na provincia de Pontevedra. Está aberto tanto a persoas que buscan lanzar o seu primeiro negocio gastronómico como a negocios xa existentes que desexan testar novas propostas. Tamén se contempla a participación de estudantes de escolas de hostalería e persoas vinculadas á economía social.

## Procedemento

### Convocatoria e selección de proxectos

Realizarase un lanzamento de convocatoria pública para a presentación de candidaturas. Estableceranse criterios de selección que contemplen a innovación, viabilidade, sustentabilidade, apoio a grupos vulnerables e capacidade de impacto dos proxectos. Este proceso será transparente, imparcial e validado pola autoridade competente.

### Tutorización e execución

Os proxectos seleccionados contarán cun seguimento intensivo durante o seu mes de estancia no mercado. A tutorización incluírá acompañamento na operativa diaria, asesoramento en xestión, márketing, atención ao cliente e control de calidade.

### Avaliación

Cada proxecto deberá presentar un informe final de resultados, que incluírá indicadores de rendemento, aprendizaxes e retos. Recompilarase esta información e elaborarse un informe anual de impacto do programa.

## Acondicionamento dos postos

Os postos estarán dotados de instalacións básicas para o desenvolvemento de actividades gastronómicas, como: mobiliario e utensilios de cociña (se fose necesario). Colocarase sinalética visible e atractiva que identifique o nome do proxecto, a súa proposta gastronómica e as súas redes sociais.

Ademais, dispoñeranse paneis informativos do programa xeral en puntos estratéxicos do mercado.

## Avaliación de resultados

Implementarase un sistema de avaliación continua baseada en indicadores de actividade, enquisas de satisfacción e seguimento dos proxectos tras o seu paso polo programa.



# Ideas:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

**Tes un proxecto emprendedor no eido da hostalería e a restauración e queres participar no Mercado? Apúntate!**



✉ [pontevedra.capital.gastro@animatium.com](mailto:pontevedra.capital.gastro@animatium.com)  
📞 WhatsApp +34 660 339 177